

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 12 de febreiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-552, puntos quilométricos 1+100 a 5+600, coa clave PO/17/139.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o proxecto de construción Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-552, p.q. 1+100 a 5+600, coa clave PO/17/139.06. O tramo de estudo está comprendido entre os puntos quilométricos mencionados da PO-552, que pertence á Rede primaria básica de estradas de Galicia, no termo municipal de Vigo, na provincia de Pontevedra.

Este proxecto ten por obxecto mellorar a seguridade viaria no treito do proxecto, mediante a execución dunha serie de actuacións encamiñadas a reducir a posibilidade de aparición de sinistros nunha zona de carácter urbano e periurbano cunha elevada intensidade de tráfico.

As obras previstas comprenden as seguintes actuacións:

- Transformación da intersección en T situada no p.q. 1+100 da marxe dereita, nunha glorieta semaforizada, e acondicionamento da intersección en T na marxe esquerda.
- Transformación da intersección en T situada no p.q. 1+780 nunha glorieta semaforizada.
- Acondicionamento das interseccións na marxe dereita, no p.q. 1+740 e 1+820.
- Acondicionamento da intersección no p.q. 2+100, con carrís centrais de espera, aceleración e cambio de sentido na marxe dereita.
- Mellora dos accesos na marxe esquerda do p.q. 2+420 e 2+480.
- Mellora das interseccións en ambas as dúas marxes entre o p.q. 2+800 e 2+900, en Coruxo.
- Acondicionamento da intersección do p.q. 3+060 da marxe esquerda, con carrís centrais de espera, aceleración e cambio de sentido, coa realización dunha glorieta neste punto.



- Mellora de beirarrúas, pasos de peóns e paradas de bus.
- Mellora de interseccións entre os p.q. 4+400 e 4+600, con carrís centrais para os accesos en ambas as dúas marxes.
- Realización dunha glorieta no p.q. 5+100 para moderar a velocidade e facilitar os cambios de sentido en condicións de seguridade.
- Mellora e reposición da sinalización horizontal e vertical, o balizamento e os sistemas de contención de vehículos.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (r/ Fernández Ladreda, 43, 1º, 4º, 36071 Pontevedra), e na Casa do Concello de Vigo (praza do Rei, 1, 36202 Vigo, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), está á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: dvctofb4-1lt8-7ye9-ij87-0gj3appuru65





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción

Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA estrada PO-552, p.q. 1+100 A 5+600

Clave PO/17/139.06

Concello de Vigo

Nº	Ref. catastral	Titular	Tipo solo	Uso	Sup. exprop. m²	Sup. total m²	Cantidad	Ud.	Ben
1	9721311NG1792S	Moreno Martínez, Manuel	UR	Industrial	149,40	1.346,00	75,40	m²	Soleira de formigón
2	9618901NG1791N	Costas Rodríguez, María Rosa	UR	Residencial	4,50	1.792,00	5,52 9,18 7,00	m² m² m²	Muro de cachotaría Muro de bloque Alpendre
3	9416103NG1791N	Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.	UR	Industrial	44,30	12.809,00	5,75 23,10 7,50 11,00 1,00 1,00	m² m² m m² ud ud	Muro de formigón Muro de bloque Piares de formigón Aramado electrosoldado Traslado de portal Traslado de hidrante
4	9416102NG1791N	Moure Quinta, Isaura	UR	Residencial	88,10	832,00	41,20 20,00 2,00	m² m² ud	Muro de formigón Celosía prefabricada Froiteiras
5	54057A11800184	Descoñecido	RU/ UR	Agrario/resi	23,00	1.898,00	12,00 22,00 12,00 1,00	m² m² m² ud	Muro de formigón Soleira de baldosa Enreixado de ferro de 1ª Traslado de portal de ferro
6	9118933NG1791N	Hierros del Cantábrico, S.A.	UR	Industrial	147,30	9.464,00	25,00 50,00 2,00	m² m² ud	Muro de formigón Aramado electrosoldado Traslado de portal
7	9215301NG1791N	Grupo Empresas Álvarez, S.A.	UR	Solo sen edificar	83,30	34.930,00	28,50 115,20	m² m²	Muro de formigón Aramado electrosoldado



Nº	Ref. catastral	Titular	Tipo solo	Uso	Sup. exprop. m²	Sup. total m²	Cantidad	Ud.	Ben
8	9118957NG1791N	César Fernández Cervera, S.L.	UR	Residencial	13,10	386,00	19,00 28,50 14,00 1,00 2,00	m² m² m² ud ud	Muro de bloque Aramado sobre postes de formigón Soleira de formigón Traslado de portal Traslado contador auga potable
9	8916516NG1791N	Prado Comesaña, Guillermo	UR	Residencial	24,50	506,00	9,00 3,00 10,50 10,60 1,00 1,00	m² ud m² m ud ud	Muro de formigón Escaleiras de pedra Soleira de formigón Varanda inox. Traslado cartel publicitario Traslado de portal
10	8916517NG1791N	Prado Comesaña, Guillermo Comesaña Alonso, Carmen Comesaña Alonso, José Luis	UR	Residencial	18,20	439,00	18,00 4,00	m² ud	Soleira de formigón Traslado contadores eléctricos
11	54057A14800390	Descoñecido	RU	Agrario	166,20	375,00	81,60	m²	Aramado sobre postes de formigón
12	54057A14800391	Descoñecido	RU/ UR	Agrario/resi	202,70	967,00	16,00 1,00 4,00	m² ud ud	Aramado sobre postes de formigón Traslado de portal Froiteiras
13	54057A14800392	Descoñecido	RU	Agrario	26,60	225,00			
14	54057A14900001	González Temes; José, herdeiros	RU	Agrario	87,40	2.459,00			
15	54057A12600517	Descoñecido	RU	Agrario	1,20	759,00	1,13 1,00	m² ud	Muro de bloque Traslado de portal
16	54057A12600518	Prado Pérez, Belarmino	RU	Agrario	10,30	1.137,00	4,50 3,00	m² m	Muro de bloque Piares de formigón

